



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n, 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR CURSO 2017-2018

O Concello de Mesía publicou no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 184, o día 27.10.2017, a convocatoria de axudas para o transporte escolar durante o curso 2017-2018 para estudantes que residan no concello e cursen estudos de bacharelato ou formación profesional con título homologado fóra dos límites do concello e para os que teñan que desprazarse diariamente. Exclúense os estudos superiores (universitarios, doutorados, ...).

Para ser beneficiario desta axuda é preciso cumprir os seguintes **requisitos**:

- a) Que a/o alumna/o para quen se solicita a axuda non supere os 25 anos de idade.
- b) Que a/o alumna/o para quen se solicita a axuda estea empadroada/o no Concello de Mesía cun ano de antigüidade.
- c) Que a/o alumna/o para quen se solicita a axuda curse estudos de bacharelato ou formación profesional con título homologado e para os que sexa necesario desprazarse diariamente fóra do concello.
- d) Que a unidade familiar da/o alumna/o estea ao día no pago das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- e) Que os ingresos brutos “per cápita” anuais da unidade familiar da/o alumna/o non supere o salario mínimo interprofesional multiplicado por 2. Considerarase, a estes efectos, unidade familiar ao núcleo formado polo matrimonio ou parella de feito, así como os ascendentes e descendentes menores de 18 anos que convivan con eles no mesmo domicilio e aos maiores de idade que non superen os 25 anos sempre que estean estudando e non obteñan ingresos (incluíranse os estudos realizados en centros educativos públicos ou privados, sempre que teñan unha duración lectiva dun curso académico).

As persoas que desexen optar á axuda para o transporte escolar deberán presentar a solicitude segundo o anexo I, que poderá obterse nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Mesía. Xunto coa solicitude, deberán presentar a seguinte **documentación**:

- Fotocopia compulsada do DNI da persoa solicitante da axuda ou do libro de familia no caso de que os/as alumnos/as aínda non o posúan. As familias numerosas, neste senso, aportarán fotocopia compulsada do libro de familia numerosa.
- Certificado de empadramento no Concello de Mesía do beneficiaria/o.
- Fotocopia da declaración de renda da unidade familiar do exercicio 2016 ou, no seu defecto, certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria en relación á non obriga de presentación da mesma de cada un dos membros da unidade familiar. Neste último caso, ademais do certificado negativo, deberá presentarse un certificado de empresa sobre os ingresos brutos anuais da unidade familiar, así como xustificante da pensión, no seu caso.
- Certificado, expedido polo centro, acreditativo de que a/o solicitante cursa alí estudos.
- Aquelas persoas que forman parte da unidade familiar e posúan algún tipo de incapacidade deberán aportar unha fotocopia compulsada do certificado de minusvalía expedido pola Xunta de Galicia.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración xurada da distancia entre o domicilio do solicitante e o centro de estudos.
- Declaración xurada dos membros da unidade familiar que conviven no mesmo domicilio.
- Certificado bancario do número de conta, do beneficiario ou do representante legal, onde se vaia a realizar o ingreso da axuda.

O prazo para presentar as de solicitudes será dende 28.09.2017 ata o 31.10.2017, ambos os dous inclusive.

Máis información nesta [ligazón](#) ou chamando ao concello ao 981687001.